



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E
XUSTIZA
Secretaría Xeral

Que asociacións se inscriben no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia?

Inscribíense as asociacións sen ánimo de lucro, así como as federacións, confederacións e unións de ámbito galego, que non estén reguladas por leis especiais como as:

- asociacións profesionais: Lei 19/1977, de 1 de abril.
- Asociacións deportivas: Lei 11/1997, do 22 de agosto, xeral do deporte de Galicia. Rexistro de Asociacións Deportivas.

Se ten dúbidas sobre a natureza da súa asociación:
registro.asociacions@xunta.es

Onde rexistrar a asociación?

Se é unha asociación de:

- **ámbito autonómico:** Rexistro Central de Asociacións. Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.
- **Ámbito provincial:** Rexistro da delegación provincial correspondente da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Cómo rexistrar unha asociación?

Documentación a presentar mediante **orixinal** ou certificado, **por duplicado**:

- Solicitude* dirixida ao rexistro competente (ver apartado anterior). A solicitude debe realizarse, cando menos, por un dos promotores ou fundadores. Modelo dispoñible na páxina web da Consellería: http://cpapx.xunta.es/export/sites/default/secretaria/pdf/SOLICITUDE_DE_INSCRICION.doc
- Acta fundacional* que debe conter: nome e apelidos, NIF, nacionalidade e domicilio dos promotores; a

vontade de constituír a asociación, a elección da Xunta Directiva; lugar, data e sinaturas dos promotores ou dos seus representantes. Se son persoas xurídicas: certificación do acordo do órgano competente e designación persoa física.

Modelo dispoñible na páxina web da Consellería: http://cpapx.xunta.es/export/sites/default/secretaria/pdf/Modelo_II_Acta_Fundacional.doc

- Estatutos*, co contido que establece a Lei orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, data e sinatura do socios promotores en todas as súas follas. Modelo dispoñible na páxina web da Consellería: http://cpapx.xunta.es/export/sites/default/secretaria/pdf/Documento-guxa_para_a_redaccixn_de_Estatutos.doc
- Xustificante do pagamento da taxa prevista**. Importe das taxas 2009: http://cpapx.xunta.es/export/sites/default/secretaria/pdf/Taxasasociacions_2009.pdf

Número de persoas precisas para constituír unha asociación:

- Tres ou máis persoas físicas ou xurídicas.
- O mesmo número se se trata dunha federación, confederación e unión de asociacións de ámbito galego.

Obrigatoriedade da inscrición.

Conforme ao artigo 10 da Lei orgánica 1/2002, a inscrición ten carácter declarativo, non constitutivo.

Denominación da asociación.

Non pode coincidir con outra previamente inscrita. Se a denominación non figura en galego ou en castelán, debe achegarse certificado asinado pola mesma persoa que presenta a solicitude no que se expoña a tradución. Poden consultarse as asociacións inscritas aquí:

<http://cpapx.xunta.es/portal/secretaria/rexistroras.htm>

Inscrición da asociación.

- Si se cumpren os requisitos, a Consellería ditará Resolución acordando a inscrición, remitíndoselle ao interesado xunto cunha copia visada dos estatutos.
- Si non se cumpren os requisitos, concédese un prazo de dez días para subsanación.
- **O prazo de resolución é de tres meses.** Transcorrido o citado prazo, enténdese estimada a solicitude presentada.
- A denegación da inscrición só se producirá cando: a entidade non esté incluída no ámbito de aplicación da LO 1/2002 o non teña natureza de asociación, ou nos supostos de ilicitude penal na súa constitución ou actividade.

Legalización de libros.

As asociacións non están obrigadas a legalizar os seus libros no Rexistro de Asociacións.

Presentación de solicitudes.

As solicitudes poderánse presentar no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia ou por calquera dos medios previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E
XUSTIZA
Secretaría Xeral

Como modificar os estatutos dunha asociación?.

Documentación a presentar mediante **orixinal** ou certificado, **por duplicado**:

- Solicitude.
- Acta da Asemblea Xeral pola que se acorda a modificación ou certificado do secretario co visto e prace do presidente da asociación.
- Novos estatutos asinados polos representantes da asociación, coa data na que se acordou a modificación.
- Certificado da composición da Xunta Directiva, se existen cambios en relación coa inscrita, cos datos de identidade e NIF dos representantes da asociación, sinaturas e, no seu caso, as dos membros salientes.
- Xustificante de aboamento da taxa prevista.

Pode consultar a citada documentación en:

<http://cpapx.xunta.es/portal/secretaria/dxipcxogomodelos.htm>

Outras inscricións durante a vida da asociación.

- **Cambio de xunta directiva:** Inscrición da identidade dos membros da Xunta Directiva. Debe acompañarse:
- Solicitude.
- Acta da reunión ou do acordo adoptado, ou certificado do secretario co visto e prace do presidente. Deberá conter a referencia do acordo, data de adopción, identidade dos elegidos, data de nomeamento e aceptación dos titulares, data de revogación ou cese
- A acta deberá estar asinada tanto polos titulares entrantes, como, na medida do posible, polos salientes.

- Prazo para a comunicación: 1 mes desde a adopción do acordo.

Cambio de domicilio da asociación:

Deberán acompañar a documentación prevista para a modificación dos estatutos, salvo o texto íntegro destes, isto é, por duplicado: solicitude e a acta da reunión na que se adoptou o acordo ou certificado desta.

- Outras posibles inscricións: inscrición da apertura e peche de delegacións ou establecementos, inscrición dunha federación, confederación ou unión de asociacións, pertenza, incorporación e/ou separación dunha federación, confederación ou unión de entidades.

Inscricións que suspenden a actividade ou extinguen unha asociación.

Prazo: 1 mes para presentar a solicitude de inscrición no Rexistro desde que se produza a causa de suspensión, disolución ou baixa.

Documentación:

-Suspensión: Solicitude e copia da resolución xudicial firme, salvo que conste notificación de oficio.

- Disolución: Solicitude; cese dos titulares da Xunta Directiva, asinado por estos, ou razóns da ausencia de sinatura, balance da asociación na data da disolución e identificación dos liquidadores, destino do patrimonio conforme aos estatutos, e identificación das causas da disolución (causas previstas nos estatutos: acreditación da concurrencia destas, vontade dos asociados: acta da reunión ou certificado desta, por sentenza xudicial firme: copia desta).

- Baixa: documento acreditativo das causas que motivaron a baixa e data destas. (modificación do ámbito territorial, do réxime xurídico ou rexistral,...)

Se a baixa se produce por disolución, documento acreditativo da concurrencia das causas da disolución e escrito dos liquidadores sobre o destino do patrimonio e solicitude de cancelación dos asentos rexistrais.

Obtención de certificados e listados.

Documentos a presentar:

- Solicitude na que figuren os datos de identificación do solicitante (nome, NIF, domicilio, número de teléfono e sinatura) e contido da solicitude dirixida ao Rexistro competente.

- Xustificante de ter aboado as taxas correspondentes por obtención de certificacións ou informacións, ou por exame de documentación, relativa á asociación.

Enlaces e vínculos

Ante calquera dúbida pode dirixirse a:

rexistro.asociacions@xunta.es

Enderezos Rexistros:

Rexistro Central de Asociacións
San Caetano s/n
Santiago de Compostela

Rexistro Provincial de Asociacións da Coruña
Praza Luis Seoane, s/n – 15008 A Coruña

Rexistro Provincial de Asociacións de Lugo:
Ronda da Muralla, 70 - 27071 Lugo

Rexistro Provincial de Asociacións de Pontevedra:
R/ Fernández Ladrea, 43-9º - 36003 Pontevedra

Rexistro Provincial de Asociacións de Ourense:
Avda. da Habana, 79 - 32004 Ourense